



Boletín Oficial

Provincia de Ourense



N.º 298 · Xoves, 30 decembro 2010

Dep. legal: OR-1/1958 · Franqueo concertado 30/2

SUMARIO

I. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE

Convocatoria e bases de selección como persoal funcionario interino dun oficial de administración-tradutor para o Gabinete de Galego	2
Convocatoria e bases de selección como persoal laboral interino de dous operarios para o Pazo de Deportes	9
Convocatoria e bases de selección como persoal laboral interino de dous operarios/limpadores para o Pazo de Deportes	15
Convocatoria e bases de selección, como persoal laboral interino, dun recepcionista para o Pazo dos Deportes	21
Convocatoria e bases de selección, como persoal laboral temporal, de dous legoeiros para a brigada de regas de Trives para o Servizo de Vías e Obras	27
Convocatoria e bases de selección como persoal funcionario interino dun oficial de administración para o Servizo de Recadación	33
Convocatoria e bases de selección, como persoal laboral interino, dun porteiro para o Teatro Principal	40
Bases para a elaboración e execución do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos municipais e da rede viaria provincial do exercicio 2011	46
Formalización do contrato de execución da obra "Construción de pavillón polideportivo en Barbadás (Fase II)", no termo municipal de Barbadás, n.º 7/15/2010	51
Inorde	
Convocatoria e bases de selección como persoal laboral temporal dun auxiliar administrativo de proxectos europeos para o Inorde	52

IV. ENTIDADES LOCAIS

Gomesende	
Aprobación definitiva do expediente de modificación de créditos do orzamento de 2010, n.º 1/2010, por suplemento de crédito financiado mediante unha operación de crédito	58
Ourense	
Aprobación definitiva da Ordenanza municipal reguladora do deber de conservación, da inspección técnica de edificacións e da declaración de ruína, expediente de disciplina urbanística 2010001162	58
Notificación do Plan de sectorización do sector do solo urbanizable non delimitado no ámbito leste e oeste do API Sta. Cruz de Arrabaldo, para solo empresarial, a José Miguel Fernández Pérez e a outros, expediente planeamento urbanístico 575/09	75
Notificación a Clara dos Santos e a outros da aprobación inicial dos estatutos e bases de actuación da AR-23-O "Polvorín II", expediente 52/10	76
Rubí	
Aprobación definitiva do suplemento de crédito 3/2010	77
Verín	
Notificación de sanción a José Arturo Martínez Tarrazo	77
Notificación de sanción a Pablo López Novoa Fernández	78

V. TRIBUNAIS E XULGADOS

Tribunal Superior de Xustiza de Galicia	
Secretaría de Goberno. A Coruña	
Convocatoria pública para a presentación de candidaturas para a elección de xuíz de paz titular de Vilamartín de Valdeorras	78
Nomeamento de xuíz de paz titular e substituto de San Xoán de Río	78
Convocatoria pública para a presentación de candidaturas para a elección de xuíz de paz titular de Vereá	79
Xulgado do Social n.º 1 de Ourense	
Notificación de auto do 21.09.09 a José Ramón Fernández Arias, nos autos 940/09	79

I. DIPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE

Convocatoria e bases de selección como persoal funcionario interino dun oficial de administración-tradutor para el Gabinete de Gallego	4
Convocatoria e bases de selección como persoal laboral interino de dos operarios para el Pazo de Deportes	10
Convocatoria e bases de selección como persoal laboral interino de dos operarios/limpiadores para el Pazo de Deportes	16
Convocatoria e bases de selección, como persoal laboral interino, de un recepcionista para el Pazo dos Deportes	22
Convocatoria e bases de selección, como persoal laboral temporal, de dos peones para la brigada de riegos de Trives para el Servicio de Vías y Obras	28
Convocatoria e bases de selección como persoal funcionario interino de un oficial de administración para el Servicio de Recaudación	35
Convocatoria e bases de selección, como persoal laboral interino, de un portero para el Teatro Principal	41
Bases para la elaboración y ejecución del Plan provincial de cooperación a las obras y servicios municipales y de la red viaria provincial del ejercicio 2011	48
Formalización del contrato de ejecución de la obra "Construcción de Pabellón Polideportivo en Barbadás (Fase II)", en el término municipal de Barbadás, n.º 7/15/2010	51
Inorde	
Convocatoria e bases de selección como persoal laboral temporal de un auxiliar administrativo de proxectos europeos para el Inorde	53

IV. ENTIDADES LOCALES

Gomesende	
Aprobación definitiva del expediente de modificación de créditos del presupuesto de 2010, n.º 1/2010, por suplemento de crédito financiado mediante una operación de crédito	58
Ourense	
Aprobación definitiva de la Ordenanza municipal reguladora del deber de conservación, de la inspección técnica de edificaciones y de la declaración de ruína, expediente de Disciplina Urbanística 2010001162	66
Notificación del Plan de sectorización del sector del suelo urbanizable no delimitado en el ámbito este y oeste del API Sta. Cruz de Arrabaldo, para suelo empresarial, a José Miguel Fernández Pérez y a otros, expediente planeamiento urbanístico 575/09	75
Notificación a Clara dos Santos y a otros de la aprobación inicial de los estatutos y bases de actuación del AR-23-O "Polvorín II", expediente 52/10	76
Rubí	
Aprobación definitiva del suplemento de crédito 3/2010	77
Verín	
Notificación de sanción a José Arturo Martínez Tarrazo	77
Notificación de sanción a Pablo López Novoa Fernández	78

V. TRIBUNALES Y JUZGADOS

Tribunal Superior de Justicia de Galicia	
Secretaría de Goberno. A Coruña	
Convocatoria pública para la presentación de candidaturas para la elección de juez de paz titular de Vilamartín de Valdeorras	78
Nombramiento de juez de paz titular y sustituto de San Xoán de Río	79
Convocatoria pública para la presentación de candidaturas para la elección de juez de paz titular de Vereá	79
Juzgado de lo Social n.º 1 de Ourense	
Notificación de auto de 21.09.09 a José Ramón Fernández Arias, en los autos 940/09	80



I. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE

I. DIPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE

Convocatoria e bases de selección como persoal funcionario interino dun oficial de administración-tradutor para o Gabinete de Galego

Base primeira.- Obxecto convocatoria.

De conformidade co disposto na Ordenanza provincial reguladora dos procedementos de contratación de persoal laboral temporal ó servizo da Deputación Provincial de Ourense, aprobada na sesión plenaria do 19 de decembro de 2003 e publicada no Boletín Oficial da Provincia do 8 de xaneiro de 2004, é obxecto destas bases a regulación do proceso selectivo e a convocatoria como persoal funcionario interino, dun oficial de administración-tradutor para o Gabinete de Galego (subgrupo C1). O procedemento de contratación temporal será o procedemento ordinario previsto na ordenanza.

Base segunda.-

Os requisitos dos aspirantes serán os seguintes:

a) Nacionalidade: te-la nacionalidade española. Ademais, e consonte co establecido na Lei 17/1993, do 23 de decembro, poderán acceder os nacionais dos demais estados membros da Unión Europea, así como os estranxeiros que reúnan a condición de cónxuxes de españois ou de nacionais doutros estados membros da Unión Europea, sempre que non estean separados de dereito, e os seus descendentes e os do seu cónxuxe -sempre que non estean separados de dereito- menores de 21 anos ou maiores que vivan ás súas expensas. As mesmas regras aplicaranse, de se-lo caso, ás persoas incluídas no ámbito de aplicación dos tratados internacionais realizados pola Comunidade Europea e ratificados por España, nos que sexa de aplicación a libre circulación de traballadores.

b) Idade: ter cumpridos dezaseis anos de idade e non exceder a idade máxima de xubilación forzosa.

c) Titulación: estar en posesión do título de bacharelato ou técnico ou equivalente. Cando se aleguen equivalencias de títulos achegarse no seu día certificado para o efecto da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. No caso de titulacións obtidas no estranxeiro, deberán posuí-lo documento que acredite fidedignamente a súa homologación. Así mesmo estar en posesión do título que acredite o grao de perfeccionamento no idioma galego ou Celga 4.

Os aspirantes que non dispoñan de tal título e teñan superada a proba práctica deberán facer un exercicio de dúas traducións, una do galego ó castelán e outra do castelán ó galego, cualificándose como apto ou non apto. O tribunal decidirá a nota mínima para ser declarado apto.

d) Capacidade funcional: non padecer enfermidade nin estar afectado por limitación física ou psíquica incompatible co desempeño das correspondentes funcións.

e) Habilitación: non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial para o acceso ó corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que fose separado ou inhabilitado. No suposto de ser nacional doutro estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos, o acceso ó emprego público.

Base terceira.-

1. As instancias solicitando tomar parte na convocatoria, na que os aspirantes deberán manifestar que reúnen todas e cada unha das condicións esixidas, referidas sempre á data de expiración do prazo sinalado para a presentación de instancias, dirixiráselle ó presidente da Deputación e presentaranse no Rexistro Xeral da Deputación ou en calquera dos lugares previstos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro de réxime xurídico das administracións públicas e de procedemento administrativo común.

2. O prazo será de 7 días naturais contados a partir do seguinte ó da publicación desta convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.

3. Coa instancia acompañarase unha copia cotexada do DNI e dos documentos acreditativos dos méritos ós que fai referencia a fase de concurso.

Base cuarta.-

1. Unha vez expirado o prazo de presentación de instancias, o presidente ditará resolución no prazo máximo de cinco días naturais polo que declarará aprobada a lista de admitidos e excluídos. Na devandita resolución, que se publicará no taboleiro de edictos da Deputación e na páxina web www.depourense.es indicarase a causa da exclusión e concederase un prazo de dez días para a emenda de erros, incluíndo ademais a designación dos membros do tribunal de selección. Unha vez resoltas as ditas reclamacións, convocarase -mediante anuncio no taboleiro e comunicación telefónica ou mediante correo electrónico ós afectados, á súa elección- a data de realización da proba práctica que se fixe e a de valoración dos méritos achegados.

Base quinta.-

1. O procedemento de selección será, de conformidade co previsto no artigo 5.2 a) da Ordenanza provincial reguladora dos procedementos de contratación de persoal laboral temporal ó servizo da Deputación Provincial de Ourense, o concurso. Ademais e con carácter previo á valoración do concurso realizarase unha proba práctica relacionada cos contidos propios da praza. Para a avaliación desta proba práctica constituirase un tribunal específico de selección que será designado por resolución desta Presidencia, e a súa composición será a determinada pola Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto básico do empregado público, tendo en conta o previsto na Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes así como na lexislación concordante.

Base sexta.-

1. A proba práctica consistirá na realización dun exercicio que constará de dúas partes:

a) A primeira parte consistirá en contestar por escrito un cuestionario de 10 preguntas correspondentes ó contido do programa que figura no anexo I.

b) A segunda parte consistirá en contestar por escrito un cuestionario de 20 preguntas tipo test con catro respostas alternativas propostas polo tribunal das que só unha delas será a correcta, nas que os aspirantes poñan de manifesto o coñecemento e manexo de paquetes ofimáticos (tratamento e procesado de textos, bases de datos, follas de cálculo, utilidades de contabilidade, manexo de axendas e programas de traballo, etc).

2. Valorarase a formación e o grao de coñecementos amosados no desenvolvemento da proba. O tempo de desenvolvemento será dunha hora. A valoración final será de apto ou non apto.

Base sétima.-

1. Unha vez realizada a proba práctica e determinados os aspirantes aptos para pasar á fase de concurso, o tribunal pro-



cederá á valoración da devandita fase de acordo co seguinte baremo:

a) Polos servizos prestados na Deputación Provincial de Ourense na mesma categoría profesional: 0,15 puntos por mes ou fracción (acreditarse mediante certificación expedida pola Secretaría Xeral da Deputación).

b) Polos servizos prestados noutras administracións públicas na mesma categoría profesional: 0,10 puntos por mes ou fracción (acreditarse mediante certificación expedida pola administración correspondente).

c) Polos servizos prestados en empresas do sector privado na mesma categoría profesional: 0,07 puntos por mes ou fracción (acreditarse mediante informe de vida laboral expedido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social e mediante orixinal ou copia cotexada dos contratos de traballo).

d) Por cada curso realizado, impartido por administracións públicas, universidades, INEM, formación continua no marco do Acordo de formación continua para as administracións públicas ou formación ocupacional, relacionados coas funcións para desenvolver:

- Por cursos de 20 a 59 horas: 0,5 puntos por curso.
- Por cursos de 60 a 99 horas: 0,75 puntos por curso.
- Por cursos de 100 ou máis horas: 1 punto por curso.

(Acreditarse mediante copia cotexada do diploma ou certificado do curso correspondente).

e) Por cada membro da unidade familiar a cargo do solicitante que non dispoña de rendas ou ingresos, ou estes sexan inferiores ó salario mínimo interprofesional: 0,5 puntos (o que se entenderá segundo as normas do IRPF e será acreditado coa declaración da renda do último período impositivo ou documento de valor análogo).

f) Por cada mes en situación de desemprego 0,10 puntos, computándose unicamente o tempo transcorrido nesta situación nos dous anos anteriores ó día 1 de xaneiro do ano no que se produza a convocatoria para a formación das listas (o que se acreditará mediante certificado de vida laboral expedido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social).

2. Para a aplicación do devandito baremo observaranse as regras previstas no artigo 6.4 da Ordenanza reguladora de contratación de persoal laboral temporal.

3. Os méritos que aleguen os interesados e que, de acordo co baremo previsto, desexen que se lles teñan en conta, acreditaranse debidamente por medio de documentos orixinais ou fotocopias destes que se presentarán cotexadas fidedignamente, significándose que non se valorarán aqueles méritos que a comisión considere que non están suficientemente acreditados.

4. Os méritos admisibles e valorables serán unicamente os causados ata a data de expiración do prazo sinalado para a presentación de instancias.

Base oitava.-

1. Unha vez terminada a fase de valoración do concurso o tribunal dará traslado desta para o informe da Comisión de Control e Seguimento quen publicará no taboleiro de edictos da Deputación o nome do aspirante proposto e elevará a dita proposta ó presidente da Deputación para que formule o nomeamento pertinente.

2. O aspirante proposto presentará dentro do prazo de cinco días naturais, desde que se publica a proposta, os documentos acreditativos das condicións que para tomar parte neste proceso selectivo se esixen na base requirida:

a) Certificado acreditativo de non padecer enfermidade ou defecto físico que impida o normal exercicio da función para desempeñar.

b) Copia autenticada ou fotocopia (que deberá presentar co seu orixinal para validar) do título, ou ben, xustificante de ter cumpridos tódolos requisitos para a expedición deste.

c) Declaración xurada ou promesa de non ser separado mediante procedemento disciplinario de ningunha administración pública, nin estar inhabilitado para o exercicio de funcións públicas.

3. Os restantes declarados aptos na proba práctica e, pola orde de puntuación na fase de valoración de méritos, formaran parte da lista de contratación para ser chamados cando xurdan novas necesidades sen que sexa preciso convocar un novo proceso selectivo.

Base novena.

Concluído o proceso selectivo e achegados os documentos ós que se refire a base anterior, o presidente, de acordo coa proposta formulada pola Comisión de Control e Seguimento procederá a nomear ós aspirantes propostos como persoal interino, quen deberá tomar posesión no prazo de cinco días naturais, contado a partir do seguinte ó que lle sexa notificado o nomeamento.

Base décima.- Disposición última

Contra a resolución que aproba estas bases, que pon fin á vía administrativa poderase interpoñer recurso potestativo de reposición ante esta presidencia, no prazo dun mes contado dende o día seguinte ó da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Ourense, de conformidade co establecido na Lei 30/1992, de 26 de novembro, ou poderase impugnar directamente ante o Xulgado Provincial do Contencioso-Administrativo, no prazo de dous meses, contados dende a mesma data, segundo o artigo 8.1º en conexión co artigo 10.1º da Lei 29/1998, do 13 de xullo.

Ourense, 20 de decembro de 2010. O presidente.

Asdo.: José Luis Baltar Pumar.

Anexo I

Tema 1.- O procedemento administrativo. Principios xerais. Dimensión temporal: días e horas hábiles, cómputo de prazos. Recepción e rexistro de documentos.

Tema 2.- Fases do procedemento administrativo xeral. Formas de terminación do procedemento.

Tema 3.- O acto administrativo. Concepto, clases e elementos. O silencio administrativo.

Tema 4.- A teoría da invalidez do acto administrativo. Actos nulos e anulables. Conversión, conservación e validación de actos nulos e anulables. Revisión de oficio.

Tema 5.- Os recursos administrativos. Clases. Recursos de alzada, reposición e de revisión. As reclamacións económico-administrativas.

Tema 6.- O réxime local español. Principios constitucionais e regulación actual. A autonomía local.

Tema 7.- A provincia no réxime local. Organización provincial. Competencias.

Tema 8.- O municipio. O termo municipal. A poboación: o padrón municipal.

Tema 9.- A organización municipal. O concello: o alcalde, o Pleno, a Xunta de Goberno e comisións informativas. Competencias.

Tema 10.- A organización provincial. O presidente. Os vicepresidentes. O Pleno. A Xunta de Goberno. As comisións informativas. Competencias.

Tema 11.- Entidades locais intermunicipais e supramunicipais. En particular, as mancomunidades de concellos. Outras entidades locais.



Tema 12.- Os órganos colexiados locais: réxime de funcionamento. Convocatoria e orde do día. Actas e certificacións dos acordos que adopten.

Tema 13.- Os contratos administrativos, segundo a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público: natureza, caracteres e clases. Elementos: suxeitos, obxecto, causa e forma. Formas de adxudicación dos contratos.

Tema 14.- Contido e efectos dos contratos administrativos: prerrogativas da Administración e equilibrio financeiro. Cumprimento dos contratos administrativos. Risco e ventura e forza maior na contratación administrativa. Revisión de prezos. Resolución, rescisión e renuncia.

Tema 15.- O Estatuto básico do empregado público. Clases de persoal ó servizo das administracións públicas. Ordenación da actividade profesional: planificación de recursos humanos e estruturación do emprego público. A función pública local: clases de funcionarios. Os funcionarios con habilitación de carácter nacional: categorías e atribucións. Peculiaridades do seu réxime xurídico. Formación e perfeccionamento.

Tema 16.- Os funcionarios propios das corporacións locais. Peculiaridades do seu réxime xurídico. Formación e perfeccionamento. A carreira administrativa dos empregados públicos locais. Provisión de postos de traballo e promoción profesional. Situacións administrativas.

Tema 17.- Dereitos, deberes e código de conduta dos empregados públicos locais. Réxime económico. Réxime de incompatibilidades. Responsabilidade e réxime disciplinario. A seguridade social dos funcionarios locais. Liberdades políticas e sindicais na función pública local. Referencia ó persoal laboral.

Tema 18.- A facenda local. Ordenanzas fiscais. Clasificación de ingresos.

Tema 19.- Os orzamentos locais. Conceptos e estrutura. Formación e aprobación. As modificacións orzamentarias.

Tema 20.- Réxime xurídico do gasto público local. Ordenación de gastos e orde de pagamentos, órganos competentes. Documentos contables.

Tema 21.- Control e fiscalización da xestión económica. Control interno e control externo. A conta xeral: estados e anexos que a forman. Aprobación.

Tema 22.- Informática básica. Conceptos de datos e información. Concepto de sistema de información. Elementos constitutivos dun sistema. Características e funcións.

Tema 23.- Arquitectura dos ordenadores. Elementos básicos. Funcións. A unidade central de proceso. A memoria principal.

Tema 24.- Periféricos. Conectividade. Elementos de impresión. Elementos de almacenamento. Elementos de visualización e dixitalización.

Tema 25.- Sistemas operativos. Características e elementos constitutivos. O sistema operativo Windows 9X; 2000; XP. Características xerais.

Tema 26.- Aplicacións ofimáticas. Características xerais. A aplicación Microsoft Office e os seus compoñentes: tratamento de textos, folla de cálculo e base de datos.

Ourense, aprobada en la sesión plenaria de 19 de diciembre de 2003 y publicada en el Boletín Oficial de la Provincia de 8 de enero de 2004, es objeto de estas bases la regulación del proceso selectivo y la convocatoria como personal funcionario interino, de un oficial de administración-traductor para el Gabinete de Gallego (subgrupo C1). El procedimiento de contratación temporal será el procedimiento ordinario previsto en la ordenanza.

Base segunda.-

Los requisitos de los aspirantes serán los siguientes:

a) *Nacionalidad:* tener la nacionalidad española. Además, y según lo establecido en la Ley 17/1993, de 23 de diciembre, podrán acceder los nacionales de los demás estados miembros de la Unión Europea, así como los extranjeros que reúnan la condición de cónyuges de españoles o de nacionales de otros estados miembros de la Unión Europea, siempre que no estén separados de derecho, y sus descendientes y los de su cónyuge -siempre que no estén separados de derecho- menores de 21 años o mayores que vivan a sus expensas. Las mismas reglas se aplicarán, en su caso, a las personas incluidas en el ámbito de aplicación de los tratados internacionales realizados por la Comunidad Europea y ratificados por España, en los que sea de aplicación la libre circulación de trabajadores.

b) *Edad:* haber cumplido 16 años de edad y no exceder de la edad máxima de jubilación forzosa.

c) *Titulación:* estar en posesión del título de bachillerato o técnico o equivalente. Cuando se aleguen equivalencias de títulos se entregará en su día certificado al efecto de la Consellería de Educación y Ordenación Universitaria. En el caso de titulaciones obtenidas en el extranjero, deberán poseer el documento que acredite fidedignamente su homologación. Asimismo, estar en posesión del título que acredite el grado de perfeccionamiento en el idioma gallego o Celga 4.

Los aspirantes que no dispongan de tal título y que hayan superado la prueba práctica deberán hacer un ejercicio de dos traducciones, una del gallego al castellano y otra del castellano al gallego que se calificará como apto o no apto. El tribunal decidirá la nota mínima para ser declarado apto.

d) *Capacidad funcional:* no padecer enfermedad ni estar afectado por limitación física o psíquica incompatible con el desempeño de las correspondientes funciones.

e) *Habilitación:* no haber sido separado mediante expediente disciplinario del servicio de cualquiera de las administraciones públicas o de los órganos constitucionales o estatutarios de las comunidades autónomas, ni encontrarse en inhabilitación absoluta o especial para empleos o cargos públicos por resolución judicial para el acceso al cuerpo o escala de funcionario, o para ejercer funciones similares a las que desempeñaban en el caso de personal laboral, en el que haya sido separado o inhabilitado. En el supuesto de ser nacional de otro Estado, no encontrarse inhabilitado o en situación equivalente ni haber sido sometido a sanción disciplinaria o equivalente que impida, en su estado, en los mismos términos, el acceso al empleo público.

Base tercera.-

1. Las instancias solicitando tomar parte en la convocatoria, en la que los aspirantes deberán manifestar que reúnen todas y cada una de las condiciones exigidas, referidas siempre a la fecha de expiración del plazo señalado para la presentación de instancias, se dirigirán al presidente de la Diputación y se presentarán en el Registro General de la Diputación o en cualquiera de los lugares previstos en el artículo 38.4 de la Ley

Diputación Provincial de Ourense

Convocatoria y bases de selección como personal funcionario interino de un oficial de administración-traductor para el Gabinete de Gallego

Base primera.- Objeto convocatoria.

De conformidad con lo dispuesto en la Ordenanza provincial reguladora de los procedimientos de contratación de personal laboral temporal al servicio de la Diputación Provincial de



30/1992, de 26 de noviembre de Régimen Jurídico de las Administraciones Públicas y de Procedimiento Administrativo Común.

2. El plazo será de 7 días naturales contados a partir del siguiente al de la publicación de esta convocatoria en el Boletín Oficial de la Provincia.

3. Con la instancia se acompañará una copia compulsada del DNI y de los documentos acreditativos de los méritos a los que hace referencia la fase de concurso.

Base cuarta. -

1. Una vez expirado el plazo de presentación de instancias, el presidente dictará resolución en el plazo máximo de cinco días naturales por la que declarará aprobada la lista de admitidos y excluidos. En dicha resolución que se publicará en el tablón de edictos de la Diputación y en la página web www.depourense.es se indicará la causa de la exclusión y se concederá un plazo de diez días para la subsanación de errores, incluyendo además la designación de los miembros del tribunal de selección. Una vez resueltas dichas reclamaciones, se convocará -mediante anuncio en el tablón y comunicación telefónica o mediante correo electrónico a los afectados, su elección- la fecha de realización de la prueba práctica que se fije y la de valoración de los méritos aportados.

Base quinta. -

1. El procedimiento de selección será, de conformidad con lo previsto en el artículo 5.2 a) de la Ordenanza provincial reguladora de los procedimientos de contratación de personal laboral temporal al servicio de la Diputación Provincial de Ourense, el concurso. Además y con carácter previo a la valoración del concurso se realizará una prueba práctica relacionada con los contenidos propios de la plaza. Para la evaluación de esta prueba práctica se constituirá un tribunal específico de selección que será designado por resolución de esta Presidencia, y su composición será la determinada por la Ley 7/2007, de 12 de abril, del Estatuto Básico del Empleado Público, teniendo en cuenta lo previsto en la Ley Orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para la igualdad efectiva de mujeres y hombres así como en la legislación concordante.

Base sexta. -

1. La prueba práctica consistirá en la realización de un ejercicio que constará de dos partes:

a) La primera parte consistirá en contestar por escrito a un cuestionario de 10 preguntas correspondientes al contenido del programa que figura en el anexo I.

b) La segunda parte consistirá en contestar por escrito a un cuestionario de 20 preguntas tipo test con cuatro respuestas alternativas propuestas por el tribunal de las que solo una de ellas será la correcta, en las que los aspirantes pongan de manifiesto el conocimiento y manejo de paquetes ofimáticos (tratamiento y procesado de textos, bases de datos, hojas de cálculo, utilidades de contabilidad, manejo de agendas y programas de trabajo, etc).

2. Se valorará la formación y el grado de conocimientos mostrados en el desarrollo de la prueba. El tiempo de desarrollo será de una hora. La valoración final será de apto o no apto.

Base séptima. -

1. Una vez realizada la prueba práctica y determinados los aspirantes aptos para pasar a la fase de concurso el tribunal procederá a la valoración de dicha fase de acuerdo con el siguiente baremo:

a) Por los servicios prestados en la Diputación Provincial de Ourense en la misma categoría profesional: 0,15 puntos por

mes o fracción (se acreditará mediante certificación expedida por la Secretaría General de la Diputación).

b) Por los servicios prestados en otras administraciones públicas en la misma categoría profesional: 0,10 puntos por mes o fracción (se acreditará mediante certificación expedida por la administración correspondiente).

c) Por los servicios prestados en empresas del sector privado en la misma categoría profesional: 0,07 puntos por mes o fracción (se acreditará mediante informe de vida laboral expedido por la Tesorería General de la Seguridad Social y mediante original o copia cotejada de los contratos de trabajo).

d) Por cada curso realizado, impartido por administraciones públicas, universidades, INEM, formación continua en el marco del Acuerdo de formación continua para las administraciones públicas o formación ocupacional, relacionados con las funciones para desarrollar:

- Por cursos de 20 a 59 horas: 0,5 puntos por curso.

- Por cursos de 60 a 99 horas: 0,75 puntos por curso.

- Por cursos de 100 o más horas: 1 punto por curso.

(Se acreditará mediante copia compulsada del diploma o certificado del curso correspondiente).

e) Por cada miembro de la unidad familiar a cargo del solicitante que no disponga de rentas o ingresos, o éstos sean inferiores al salario mínimo interprofesional: 0,5 puntos (lo que se entenderá según las normas del IRPF y será acreditado con la declaración de la renta del último período impositivo o documento de valor análogo).

f) Por cada mes en situación de desempleo 0,10 puntos, computándose únicamente el tiempo transcurrido en esta situación en los dos años anteriores al día 1 de enero del año en el que se produzca la convocatoria para la formación de las listas (lo que se acreditará mediante certificado de vida laboral expedido por la Tesorería General de la Seguridad Social).

2. Para la aplicación de dicho baremo se observarán las reglas previstas en el artículo 6.4 de la Ordenanza Reguladora de Contratación de Personal Laboral Temporal.

3. Los méritos que aleguen los interesados y que, de acuerdo con el baremo previsto, deseen que se les tengan en cuenta, se acreditarán debidamente por medio de documentos originales o fotocopias de éstos, que se presentarán compulsadas fidedignamente, significando que no se valorarán aquellos méritos que la comisión considere que no están suficientemente acreditados.

4. Los méritos admisibles y valorables serán únicamente los causados hasta la fecha de expiración del plazo señalado para la presentación de instancias.

Base octava. -

1. Una vez terminada la fase de valoración del concurso el tribunal dará traslado de ésta para el informe de la Comisión de Control y Seguimiento quien publicará en el tablón de edictos de la Diputación el nombre del aspirante propuesto y elevará dicha propuesta al presidente de la Diputación para que formule el nombramiento pertinente.

2. El aspirante propuesto presentará dentro del plazo de cinco días naturales, desde que se publica la propuesta, los documentos acreditativos de las condiciones que para tomar parte en este proceso selectivo se exigen en la base requerida:

a) Certificado acreditativo de no padecer enfermedad o defecto físico que impida el normal ejercicio de la función para desempeñar.

b) Copia compulsada o fotocopia (que deberá presentar con su original para compulsar) del título, o bien, justificante de haber cumplido todos los requisitos para la expedición de éste.



c) Declaración jurada o promesa de no haber sido separado mediante procedimiento disciplinario de administración pública alguna, ni estar inhabilitado para el ejercicio de funciones públicas.

3. Los restantes declarados aptos en la prueba práctica y, por el orden de puntuación en la fase de valoración de méritos, formaran parte de la lista de contratación para ser llamados cuando surjan nuevas necesidades sin que sea necesario convocar un nuevo proceso selectivo.

Base novena.

Concluido el proceso selectivo y aportados los documentos a los que se refiere la base anterior, el presidente de acuerdo con la propuesta formulada por la Comisión de Control y Seguimiento procederá a nombrar a los aspirantes propuestos como personal interino, quien deberá tomar posesión en el plazo de cinco días naturales, contado a partir del siguiente al que le sea notificado el nombramiento.

Base décima.- Disposición última

Contra la resolución que aprueba estas bases, que pone fin a la vía administrativa, se podrá interponer recurso potestativo de reposición ante esta presidencia, en el plazo de un mes contado desde el día siguiente al de su publicación en el Boletín Oficial de la Provincia de Ourense, de conformidad con lo establecido en la Ley 30/1992, de 26 de noviembre o se podrá impugnar directamente ante el Juzgado Provincial de lo Contencioso-Administrativo, en el plazo de dos meses, contados desde la misma fecha, según el artículo 8.1º en conexión con el artículo 10.1º de la Ley 29/1998, de 13 de julio.

Ourense, 20 de diciembre de 2010. El presidente.

Fdo.: José Luis Baltar Pumar

Anexo I

Tema 1.- El procedimiento administrativo. Principios generales. Dimensión temporal: días y horas hábiles, cómputo de plazos. Recepción y registro de documentos.

Tema 2.- Fases del procedimiento administrativo general. Formas de terminación del procedimiento.

Tema 3.- El acto administrativo. Concepto, clases y elementos. El silencio administrativo.

Tema 4.- La teoría de la invalidez del acto administrativo. Actos nulos y anulables. Conversión, conservación y validación de actos nulos y anulables. Revisión de oficio.

Tema 5.- Los recursos administrativos. Clases. Recursos de alzada, reposición y de revisión. Las reclamaciones económico-administrativas.

Tema 6.- El régimen local español. Principios constitucionales y regulación actual. La autonomía local.

Tema 7.- La provincia en el régimen local. Organización provincial. Competencias.

Tema 8.- El municipio. El término municipal. La población: el padrón municipal.

Tema 9.- La organización municipal. El ayuntamiento: el alcalde, el Pleno, la Junta de Gobierno y comisiones informativas. Competencias.

Tema 10.- La organización provincial. El presidente. Los vicepresidentes. El Pleno. La Junta de Gobierno. Las comisiones informativas. Competencias.

Tema 11.- Entidades locales intermunicipales y supramunicipales. En particular, las mancomunidades de ayuntamientos. Otras entidades locales.

Tema 12.- Los órganos colegiados locales: régimen de funcionamiento. Convocatoria y orden del día. Actas y certificaciones de los acuerdos que adopten.

Tema 13.- Los contratos administrativos, según la Ley 30/2007, de 30 de octubre, de Contratos del Sector Público: naturaleza, caracteres y clases. Elementos: sujetos, objeto, causa y forma. Formas de adjudicación de los contratos.

Tema 14.- Contenido y efectos de los contratos administrativos: prerrogativas de la Administración y equilibrio financiero. Cumplimiento de los contratos administrativos. Riesgo y ventura y fuerza mayor en la contratación administrativa. Revisión de precios. Resolución, rescisión y renuncia.

Tema 15.- El Estatuto Básico del Empleado Público. Clases de personal al servicio de las administraciones públicas. Ordenación de la actividad profesional: planificación de recursos humanos y estructuración del empleo público. La función pública local: clases de funcionarios. Los funcionarios con habilitación de carácter nacional: categorías y atribuciones. Peculiaridades de su régimen jurídico. Formación y perfeccionamiento.

Tema 16.- Los funcionarios propios de las corporaciones locales. Peculiaridades de su régimen jurídico. Formación y perfeccionamiento. La carrera administrativa de los empleados públicos locales. Provisión de puestos de trabajo y promoción profesional. Situaciones administrativas.

Tema 17.- Derechos, deberes y código de conducta de los empleados públicos locales. Régimen económico. Régimen de incompatibilidades. Responsabilidad y régimen disciplinario. La seguridad social de los funcionarios locales. Libertades políticas y sindicales en la función pública local. Referencia al personal laboral.

Tema 18.- La hacienda local. Ordenanzas fiscales. Clasificación de ingresos.

Tema 19.- Los presupuestos locales. Conceptos y estructura. Formación y aprobación. Las modificaciones presupuestarias.

Tema 20.- Régimen jurídico del gasto público local. Ordenación de gastos y orden de pagos, órganos competentes. Documentos contables.

Tema 21.- Control y fiscalización de la gestión económica. Control interno y control externo. La cuenta general: estados y anexos que la forman. Aprobación.

Tema 22.- Informática básica. Conceptos de datos e información. Concepto de sistema de información. Elementos constitutivos de un sistema. Características y funciones.

Tema 23.- Arquitectura de los ordenadores. Elementos básicos. Funciones. La unidad central de proceso. La memoria principal.

Tema 24.- Periféricos. Conectividad. Elementos de impresión. Elementos de almacenamiento. Elementos de visualización y digitalización.

Tema 25.- Sistemas operativos. Características y elementos constitutivos. El sistema operativo Windows 9X; 2000; XP. Características generales.

Tema 26.- Aplicaciones ofimáticas. Características generales. La aplicación Microsoft Office y sus componentes: tratamiento de textos, hoja de cálculo y base de datos.



SOLICITUDE PARA CUBRIR COMO PERSOAL FUNCIONARIO INTERINO DUNHA PRAZA
DE OFICIAL DE ADMINISTRACIÓN-TRADUTOR PARA O GABINETE DE GALEGO

(ANEXO II)

I.- Datos do solicitante:

APELIDOS:

NOME: DNI/NIE:

ENDEREZO:

POBOACIÓN: PROVINCIA:

TELÉFONO: CORREO ELECTRÓNICO:

II.- Solicita a súa inclusión para cubrir como persoal funcionario interino dunha praza de oficial de administración-tradutor para o Gabinete de Galego.

III.- Documentación que achega:

- Relatorio de méritos que alega: ANEXO III.
- Xustificantes requiridos dos méritos alegados.
- Fotocopia cotexada do DNI.
- Fotocopia cotexada do título de galego correspondente.

....., de de 20.....

Sinatura:

ILMO. SR. PRESIDENTE DA EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE



RELATORIO DE MÉRITOS

ANEXO III

APELIDOS E NOME:

DNI/NIE:

Para os efectos do baremo aplicable para a elaboración das listas para cubrir postos con carácter temporal, acredita os méritos que a seguir se especifican e achega documentación xustificativa deles.

1.- Servizos prestados na Deputación Provincial de Ourense na mesma categoría:

ANOS	MESES	DÍAS

2.- Servizos prestados noutras administracións na mesma categoría:

ANOS	MESES	DÍAS

3.- Servizos prestados en empresa do sector privado na mesma categoría:

ANOS	MESES	DÍAS

4.- Cursos de máis de 20 horas de duración impartidos polas administracións públicas, universidades, Inem, formación continua do AFCA ou formación ocupacional, relacionados coas funcións para desempeñar:

DENOMINACIÓN	ORGANISMO EMISOR	ANO	HORAS

5.- Tempo en situación de desemprego:

ANOS	MESES	DÍAS

6.- Familiares a cargo sen rendas:

N.º PERSOAS

....., de de 20.....

Sinatura:



Deputación Provincial de Ourense

Convocatoria e bases de selección como persoal laboral interino de dous operarios para o Pazo de Deportes

Base primeira. Obxecto convocatoria

De conformidade co disposto na Ordenanza provincial reguladora dos procedementos de contratación de persoal laboral temporal ó servizo da Deputación Provincial de Ourense, aprobada na sesión plenaria do 19 de decembro de 2003 e publicada no Boletín Oficial da Provincia do 8 de xaneiro de 2004, é obxecto destas bases a regulación do proceso selectivo e a convocatoria como persoal laboral interino de dous operarios para o Pazo de Deportes (agrupacións profesionais sen requisito de titulación). O procedemento de contratación temporal será o procedemento ordinario previsto na ordenanza.

Base segunda.-

Os requisitos dos aspirantes serán os seguintes:

a) Nacionalidade: te-la nacionalidade española. Ademais, e consonte co establecido na Lei 17/1993, do 23 de decembro, poderán acceder-los nacionais dos demais estados membros da Unión Europea, así como os estranxeiros que reúnan a condición de cónxuxes de españois ou de nacionais doutros estados membros da Unión Europea, sempre que non estean separados de dereito, e os seus descendentes e os do seu cónxuxe -sempre que non estean separados de dereito- menores de 21 anos ou maiores que vivan ás súas expensas. As mesmas regras aplicaranse, de se-lo caso, ás persoas incluídas no ámbito de aplicación dos tratados internacionais realizados pola Comunidade Europea e ratificados por España, nos que sexa de aplicación a libre circulación de traballadores.

Ademais das persoas sinaladas no parágrafo anterior poderán acceder a ela, os estranxeiros que se atopen residindo en España, de acordo co previsto no artigo 10.2 da vixente Lei orgánica de dereitos e liberdades dos estranxeiros en España.

b) Idade: ter cumpridos 16 anos de idade e non exceda-la idade máxima de xubilación forzosa.

c) Titulación: agrupacións profesionais sen requisito de titulación. Cando se aleguen equivalencias de títulos achegarse no seu día certificado para o efecto da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. No caso de titulacións obtidas no estranxeiro, deberán posuí-lo documento que acredite fidedignamente a súa homologación. Así mesmo, estar en posesión do título que acredite o grao de iniciación no idioma galego ou Celga 3.

Os aspirantes que non dispoñan de tal título e que teñan superada a proba práctica deberán facer un exercicio de dúas traducións, unha do galego ó castelán e outra do castelán ó galego, que se cualificarán como apto ou non apto. O tribunal decidirá a nota mínima para ser declarado apto.

d) Capacidade funcional: non padecer enfermidade nin estar afectado por limitación física ou psíquica incompatible co desempeño das correspondentes funcións.

e) Habilitación: non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial para o acceso ó corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral no que fose separado ou inhabilitado. No suposto de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido some-

tido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos, o acceso ó emprego público.

Base terceira.-

1. As instancias solicitando tomar parte na convocatoria, na que os aspirantes deberán manifestar que reúnen todas e cada unha das condicións esixidas, referidas sempre á data de expiración do prazo sinalado para a presentación de instancias, dirixiránse ó presidente da Deputación e presentaranse no Rexistro Xeral da Deputación.

2. O prazo será de 7 días naturais contados a partir do seguinte ó da publicación desta convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.

3. Coa instancia acompañarase unha copia cotexada do DNI e os documentos acreditativos dos méritos ós que fai referencia a fase de concurso.

Base cuarta.-

1. Unha vez expirado o prazo de presentación de instancias, o presidente ditará resolución no prazo máximo de cinco días naturais pola que se declarará aprobada a lista de admitidos e excluídos. Na devandita resolución, que se publicará no taboleiro de edictos da Deputación e na páxina web www.depourense.es indícarase a causa da exclusión e concederase un prazo de dez días para a emenda de erros, incluíndo ademais a designación dos membros do tribunal de selección. Unha vez resoltas as ditas reclamacións, convocarase -mediante anuncio no taboleiro e comunicación telefónica ou mediante correo electrónico ós afectados, á súa elección- a data de realización da proba práctica que se fixe e a de valoración dos méritos achegados.

Base quinta.-

1. O procedemento de selección será, de conformidade co previsto no artigo 5.2 a) da Ordenanza provincial reguladora dos procedementos de contratación de persoal laboral temporal ó servizo da Deputación Provincial de Ourense, o concurso. Ademais e con carácter previo á valoración do concurso realizarase unha proba práctica relacionada cos contidos propios da praza. Para a avaliación desta proba práctica constituirase un tribunal específico de selección que será designado por resolución desta Presidencia, e a súa composición será a determinada pola Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto básico do empregado público, tendo en conta o previsto na Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes así como na lexislación concordante.

Base sexta.-

1. A proba práctica consistirá na realización dun suposto práctico relacionado co temario do anexo I destas bases. O tempo de desenvolvemento será dunha hora.

2. As funcións da praza serán:

- Mantemento de pistas das canchas central e auxiliar.
- Mantemento de oficinas, dependencias e salas fitness.

3. A valoración da proba práctica será de apto ou non apto, valorándose a formación e grao de coñecementos amosados no desenvolvemento da proba.

Base sétima.-

1. Unha vez realizada a proba práctica e determinados os aspirantes aptos para pasar á fase de concurso o tribunal procederá á valoración da devandita fase de acordo co seguinte baremo:

a) Polos servizos prestados na Deputación Provincial de Ourense na mesma categoría profesional: 0,15 puntos por mes ou fracción (acreditarase mediante certificación expedida pola Secretaría Xeral da Deputación).



b) Polos servizos prestados noutras administracións públicas na mesma categoría profesional: 0,10 puntos por mes ou fracción (acreditarase mediante certificación expedida pola administración correspondente).

c) Polos servizos prestados en empresas do sector privado na mesma categoría profesional: 0,07 puntos por mes ou fracción (acreditarase mediante informe de vida laboral expedido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social e mediante orixinal ou copia cotexada dos contratos de traballo).

d) Por cada curso realizado, impartido por administracións públicas, universidades, INEM, formación continua no marco do Acordo de formación continua para as administracións públicas ou formación ocupacional, relacionados coas funcións para desenvolver:

- Por cursos de 20 a 59 horas: 0,5 puntos por curso.
- Por cursos de 60 a 99 horas: 0,75 puntos por curso.
- Por cursos de 100 ou máis horas: 1 punto por curso.

(Acreditarse mediante copia cotexada do diploma ou certificado do curso correspondente).

O artigo 200 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (LOUGA) determina o deber dos concellos galegos de regular mediante ordenanza municipal a obriga de inspección periódica das edificacións para determina-lo seu estado de conservación.

A Cancellaría de Urbanismo do Concello de Ourense poderá esixir dos propietarios a exhibición dos informes actualizados da inspección periódica de edificacións e, se descubriese que estas non se efectuaron, poderá realizalas de oficio á conta dos obrigados.

No artigo 217.4 do mesmo texto legal tipifícase como infracción urbanística leve o incumprimento da obriga de realiza-la inspección periódica das edificacións, sancionable segundo o disposto na dita norma.

Por último, régúlase o procedemento para a declaración de ruína dunha determinada edificación. A devandita regulación pretende axilizar, na medida do posible e con pleno respecto á



normativa de rango superior, a tramitación da devandita declaración, dotando de maiores medios ó concello para o caso de incumprimento das obrigas dimanantes a devandita declaración por parte dos propietarios, como ten sido relativamente frecuente segundo a experiencia acumulada nos últimos anos.

Artigo 1.- Fundamento e obxecto da ordenanza

Constitúe o obxecto desta ordenanza a regulación con carácter xeral para o municipio de Ourense do deber de conservación, a inspección técnica das edificacións e a declaración de ruína das que se atopen nas condicións que leven a devandita declaración.

Título I- Do réxime xeral do deber de conservación e das ordes de execución

Artigo 2.-

O cumprimento da obriga formal establecida nesta ordenanza entenderase sen prexuízo do réxime xurídico ordinario do deber de conservación regulado na lexislación vixente e das facultades de inspección urbanísticas atribuídas á Concellería de Urbanismo.

No exercicio desta potestade municipal de policía urbanística poderá ordenar en calquera momento, de oficio ou por instancia de parte e de acordo co procedemento previsto nos artigos 26 e seguintes do RDU, a execución das obras requiridas para o cumprimento dos deberes de conservación, adoptando ou ordenando ós propietarios a adopción das medidas provisionais e urxentes que, de se-lo caso, resulten necesarias para garantir a eficacia das resolucións que puidese recaer e evita-la causa de danos ás persoas e ós bens.

Artigo 3.- Deber de conservación.

Os propietarios conservarán os terreos, soares, carteis, urbanizacións e calquera edificacións nos termos establecidos nesta ordenanza, as normas urbanísticas do plan xeral e na lexislación urbanística aplicable.

Artigo 4.- Das ordes de execución.

A determinación das citadas condicións de conservación levará a cabo o concello mediante ordes de execución.

Constituirá o límite do deber de conservación das edificacións o estado de ruína destas, salvo que a Administración opte por altera-lo devandito estado ruinoso, nos termos establecidos nesta ordenanza e lexislación urbanística aplicable.

Se os propietarios interesados nos procedementos de ordes de execución consideran que as obras e actuacións que o municipio pretende ordenar exceden do límite do seu deber de conservación, poderán solicita-las subvencións que se preveren, de se-lo caso, ou a previa declaración do estado ruinoso da edificación. Nese caso poderá acordarse de oficio a suspensión do procedemento de orde de execución.

Non entanto o anterior, trala adopción dunha orde de execución, non se admitirá expediente de declaración de ruína, salvo por circunstancias obxectivas sobrevidas.

Cando o interesado incumpra unha ou varias ordes de execución e a consecuencia diso se producira a situación legal de ruína, o límite ordinario do deber de conservación ampliarase na medida necesaria para restaura-lo inmovible nos termos sinalados pola orde ou ordes de execución incumpridas.

A orde de execución non eximirá do deber de presenta-la documentación técnica ou proxecto, de se-lo caso, das obras, a fin de que o concello comprobe a súa adecuación ó ordenado.

Artigo 5. Ordes de execución para elementos sometidos a algún réxime de protección.

No relativo ás actuacións dirixidas á conservación que se ordenen para os elementos sometidos a algún réxime de protección ateranse, no que se refire ás condicións de execución

destas, ó disposto nas normas urbanísticas do vixente Plan xeral de ordenación urbana de Ourense, así como na normativa específica aplicable.

Artigo 6. Ordes de execución por motivos turísticos, culturais ou estéticos.

En fachadas, cubertas ou espazos visibles dende a vía pública poderán ditarse ordes de execución por motivos de interese turístico, cultural ou estético, de acordo co establecido polas normas urbanísticas do Plan xeral de ordenación urbana de Ourense e o resto da normativa urbanística aplicable.

Réxime das ordes de execución

Artigo 7. Órgano competente

Correspóndelle ó alcalde, ou órgano en quen delegue, ordena-la execución das obras e actuacións necesarias para conserva-las edificacións, terreos, soares, urbanizacións e carteis nas condicións de seguridade, salubridade, ornato público e calidade ambiental, cultural e turística.

Artigo 8. Iniciación

O procedemento para esixi-lo cumprimento do deber de conservación, en calquera das súas formas, poderá iniciarse de oficio ou a instancia do interesado.

Os expedientes iniciados de oficio serán:

a) Como consecuencia da actuación dalgún servizo municipal que permita supo-la existencia dun incumprimento dos deberes de conservación.

b) Como consecuencia de informes evacuados polos servizos técnicos nas inspeccións programadas que se realicen.

c) Por denuncia. Nestes procedementos, imputarase o custo da taxa liquidada por visita de inspección ó propietario do ben sobre o que se constate o incumprimento do deber de conservación.

Artigo 9. Da inspección

Corresponderalle a inspección de edificacións, terreos, soares, urbanizacións e carteis ós servizos técnicos do órgano municipal correspondente.

A inspección materializarase nun informe técnico ou nunha acta de inspección.

Artigo 10. Dos informes

Unha vez iniciado o expediente, os servizos técnicos do órgano correspondente, previa inspección do terreo, soar, urbanización, edificación ou cartel, emitirán un informe sobre o seu estado.

O informe conterá:

a) Situación do inmovible ou inmovibles afectados pola actuación para realizar acompañado de plano de localización.

b) Descrición dos danos, deficiencias que presente, indicando, de se-lo caso, as posibles causas.

c) Actuacións necesarias para determinar e/ou emenda-los danos ou deficiencias detectadas e, de se-lo caso, as medidas de seguridade a adoptar (así como orzamento destas, con expresión, de se-lo caso, da contía da subvención administrativa que procedese.)

d) Situación urbanística do inmovible de conformidade co disposto nas normas urbanísticas do Plan xeral, determinando se o inmovible está suxeito a algún réxime de protección ou se está fóra de ordenación.

e) Se a entidade da obra esixe proxecto técnico e/ou dirección facultativa, de acordo co criterio que estableza para a solicitude de licenzas a ordenanza de tramitación.

f) Determinación do prazo para o cumprimento da orde de execución ditada.

g) Cando conste o titular da propiedade e o seu domicilio a efectos de notificacións.



Artigo 11. Dos obrigados

As ordes de execución dirixíranse e notificáranse á propiedade do inmovible. Para iso, se fora necesario, requirírase de oficio ó Rexistro da Propiedade ou calquera outro rexistro público adecuado para que informe sobre a titularidade del. Todo iso sen prexuízo da facultade de subscribir entre as respectivas institucións os oportunos convenios de colaboración que se consideren procedentes.

Artigo 12. Resolución

Salvo nos supostos en que puidese existir urxencia xustificada ou perigo na demora, á vista do informe, con carácter previo á proposta de resolución, procederase a evacuar trámite de audiencia ó interesado.

Cumprido este trámite, previo informe, de se-lo caso, sobre as alegacións presentadas, o órgano competente ordenará ó propietario o cumprimento das actuacións necesarias para emenda-las deficiencias nos termos e prazos establecidos polo informe técnico emitido, con advertencia de posible imposición de multa coercitiva, incoación de expediente sancionador e/ou execución subsidiaria pola Administración á conta da propiedade en caso de incumprimento do ordenado, todo o cal se comunicará, se é o caso, ós afectados.

Artigo 13. Do cumprimento das ordes de execución

As ordes de execución cumpríranse nos seus propios termos. Forman parte da orde de execución as actuacións previas efectuadas para a determinación do seu contido, tales coma a existencia de informes, facilita-lo acceso á inspección, etc.

O propietario do inmovible deberá liquida-los impostos e taxas derivados do procedemento evacuado, nos termos e condicións previstos na ordenanza fiscal reguladora, de se-lo caso.

Así mesmo, antes do comezo das obras, deberase achegar ó expediente administrativo, de se-lo caso, folla do encargo ou documento análogo no que conste a localización do inmovible, as obras e a identidade da dirección facultativa.

Cando se esixira proxecto técnico ou dirección facultativa, non se considerarán concluídas as obras en tanto non se achegue o certificado final destas visado polo colexio profesional correspondente, de se-lo caso. Se non se esixiu, o cumprimento do ordenado comprobarase de oficio, unha vez comunicada pola propiedade a finalización das obras.

Artigo 14. Incumprimento

Incumprido o prazo establecido na orde de execución, o concello poderá optar entre a execución subsidiaria ou a imposición de multas coercitivas, en orde a esixi-lo debido cumprimento do acto, sen prexuízo das sancións que puidesen corresponder con ocasión da infracción urbanística constatada por omisión do deber de conservación.

Artigo 15. Multas coercitivas

A periodicidade das multas coercitivas para logra-lo cumprimento das ordes de execución estará en función do prazo concedido para a súa execución, ata un máximo de dez multas.

Artigo 16. Do expediente sancionador

Unha vez transcorrido o prazo outorgado para o inicio das actuacións necesarias para o cumprimento do ordenado, paralizadas estas logo de iniciarse, incumprido o prazo outorgado para a súa terminación ou non cumpridas nos termos ordenados, poderá incoarse procedemento sancionador por infracción urbanística consistente na omisión do deber de conservación, nos termos previstos na Lei de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

Poderase prescindir do requirimento ó interesado, e iniciar directamente a execución subsidiaria, en situacións de emerxencia.

Artigo 17. Sobre a execución subsidiaria

En calquera momento poderá o Concello optar polo procedemento de execución subsidiaria das ordes de execución, sen prexuízo de segui-lo correspondente procedemento de constrinximento sobre o patrimonio para o cobro das multas coercitivas que non se satisfixeron.

O acordo de execución subsidiaria conterà o importe da valoración das obras para realizar, que poderá ser liquidada a conta, e requirido o pagamento con antelación, a reserva da liquidación definitiva.

Artigo 18. Réxime das medidas urxentes

Se un servizo municipal apreciara a existencia dun perigo grave e inminente, de oficio ou a instancia dun particular, con perigo real para as persoas ou bens, adoptará as medidas que estime oportunas para evitalo sen necesidade de acto administrativo previo.

As devanditas medidas serán as que tecnicamente se considere imprescindibles para evita-lo perigo inminente, e poderán consistir en desaloxos provisionais, clausuras de inmovibles ou partes destes, apeos, apontoamentos, demolicións, cerramentos ou outras análogas; deberá observarse, en calquera caso, o principio de intervención mínima.

As actuacións referidas nos números precedentes serán a cargo da propiedade do inmovible.

Asemade, se o informe de ITE xustifica a existencia dun perigo inminente para as persoas ou os bens, o propietario deberá acompañar un compromiso de execución inmediata -recollido no anexo 3 desta ordenanza-, baixo dirección técnica competente, de tódalas medidas provisionais de seguridade recollidas no informe de ITE, que de forma precautoria ou preventiva eliminen a situación de risco inminente, tales como apeos, apontoamentos, retirada de elementos soltos, etc., presentando, a súa finalización, o documento xustificativo que acredite a correcta execución destas medidas.

A sinatura dese compromiso implica que a propiedade asume plenamente as responsabilidades de toda orde que se puidesen derivar da falla de mantemento en condicións de seguridade do edificio, sen prexuízo de que, en calquera momento, a Concellería de Urbanismo poida ditar unha orde de execución conforme ó previsto no artigo 28 e seguintes desta ordenanza.

Título II- Da inspección técnica de edificios

Artigo 19. Dítase esta ordenanza ó abeiro do disposto, especificamente, no artigo 200 da LOUGA, que establece a obriga dos concellos de regular mediante ordenanza municipal o deber de inspección periódica das edificacións para determina-lo seu estado de conservación.

Regulase nela a obriga formal dos propietarios de edificacións de acredita-lo cumprimento do deber de conservación, concretado no mantemento das condicións básicas de seguridade, estabilidade, estanquidade e consolidación estruturais, así como as de habitabilidade, en función do destino propio da edificación, de acordo co establecido na normativa urbanística aplicable e nesta ordenanza.

Para os efectos da citada inspección, as condicións básicas de seguridade, estabilidade, estanquidade e consolidación estruturais, así como as de habitabilidade en que deben manterse as edificacións en función do seu uso, serán as seguintes:

a) Seguridade, estabilidade e consolidación estruturais, de xeito que non se produzan no edificio ou partes del danos que teñan a súa orixe ou afecten á cimentación, ós soportes, ás vigas, ós forxados, ós muros de carga ou a outros elementos estruturais e que comprometan directamente a resistencia mecánica e a estabilidade do edificio.



b) Seguridade e estabilidade dos seus elementos construtivos cuxo deficiente estado supoña un risco para a seguridade das persoas, tales como chemineas, varandas, falsos teitos, cornixas, aplacados e elementos ornamentais ou de acabado; en particular, se poden caer á vía pública.

c) Estanqueidade fronte á auga, evitando filtracións a través da fachada, cuberta ou do terreo, en particular se estas afectan á habitabilidade ou uso do edificio ou poidan ser causa de falta de seguridade descrita nos dous primeiros apartados.

d) Estanquidade e correcto funcionamento das redes xerais de fontanería e saneamento, de forma que non se produzan fugas que afecten á habitabilidade ou uso do edificio ou poidan ser causa da falta da seguridade descrita nos dous primeiros apartados.

Ou cumprimento das condicións establecidas nos apartados anteriores suporá que a edificación reúne os requisitos de habitabilidade e uso esixibles para os efectos desta inspección técnica.

Artigo 20. Obrigados

Tódolos propietarios, persoas físicas ou xurídicas, titulares de calquera tipo de edificacións situadas no termo municipal de Ourense, con independencia do seu uso ou destino (vivenda, oficinas, industrial, comercial, etc) estarán afectados pola obriga formal establecida nesta ordenanza. Exceptúanse as edificacións declaradas en situación de ruína por resolución firme e as sometidas a expediente contradictorio de ruína.

No caso de vivendas ou locais integrados en comunidades de propietarios, o deber de realizar a ITE corresponderalle á propia comunidade.

Non obstante o anterior, os arrendatarios dos inmobles quedarán facultados para, ante o incumprimento do propietario, solicitar da Administración pasa-la inspección técnica do inmovible, así como a solicita-las oportunas axudas que puidesen terse previsto, a condición de que estas vaian dirixidas a soporta-lo deber forzoso de conservación, e todo iso sen prexuízo da relación xurídico privada que derivada do contrato de arrendamento puidese existir entre arrendador e arrendatario.

Artigo 21.- Informe de inspección técnica da edificación

A obriga formal de acredita-lo cumprimento do deber de conservación da edificación verificarase mediante a obtención por conta e cargo do propietario de informe expedido polo técnico facultativo competente que este designe, para levar a cabo esta función de acordo coa Lei 38/1999 de ordenación da edificación e demais normativa vixente na materia. O contido, forma e prazos de presentación do informe serán establecidos nesta ordenanza.

De conformidade co disposto no artigo 200 da LOUGA, para a eficacia deste informe esixírase a presentación de copia deste no Colexio profesional correspondente, de se-lo caso e no Rexistro de Inspección Técnica da Edificación que se ten que constituír na concellería. Poderán presentalo, ademais dos propietarios das edificacións, os presidentes das comunidades de propietarios e os que exerzan o cargo de administrador.

Para o caso de edificacións pertencentes ás administracións públicas os informes poderán ser conformados polos seus servizos técnicos competentes.

Artigo 22.- Ficha técnica da edificación

Establécese a obriga de realizar unha ficha técnica da edificación, relativa á situación xurídica, arquitectónica, urbanística e ó réxime de ocupación desta, segundo o modelo que se achega a esta ordenanza como anexo 1.

O propietario da edificación virá obrigado a acompañar ó informe da inspección técnica da correspondente ficha técnica de edificacións, na que se detallarán os datos urbanísticos e

arquitectónicos, réxime de ocupación e de propiedade da leira, conforme ó modelo oficial aprobado.

Artigo 23.- Contido do informe

O informe expresará se a edificación reúne as condicións básicas de seguridade, estabilidade, estanquidade e consolidación estruturais, así como as de habitabilidade nas que debe manterse en función do seu uso e fará referencia necesariamente ós seguintes aspectos:

a) Estado da estrutura e cimentación

b) Estado de fachadas interiores, exteriores, medianeiras e outros paramentos; en especial, os elementos que puidesen supor un perigo para a vía pública, tales como petos de terrazas ou placas, entre outros.

c) Estado de conservación de cubertas e azoteas.

d) Estado das redes xerais de fontanería e saneamento do edificio.

e) Estado xeral de elementos comúns (portais, escaleiras, etc).

Así mesmo, deixará constancia do grao de realización das recomendacións expresadas con motivo de anteriores inspeccións periódicas.

Para o caso de que non se acadasen as condicións citadas anteriormente, o informe deberá expresar claramente o resultado desfavorable da inspección e sinala-las posibles causas e as obras necesarias, con indicación de prazos de inicio e de execución estimados destas.

Comprenderá, así mesmo, a indicación das medidas inmediatas de seguridade que, de se-lo caso, fose necesario adoptar por existir unha situación de perigo inminente para os ocupantes da edificación ou das lindeiras ou para as persoas que transiten pola vía pública.

O informe presentarase segundo o modelo que se achega a esta ordenanza como anexo 2, debidamente cuberto e acompañado de reportaxe fotográfica do exterior e o interior do edificio e de plano de situación a escala 1:2000.

Artigo 24. Forma e prazo de presentación do informe.

O informe deberá presentarse no Rexistro de Inspección Técnica da Edificación da concellería e no Colexio profesional correspondente, de se-lo caso, acompañado da ficha técnica da edificación.

O primeiro informe deberá presentarse dentro do ano seguinte a aquel en que o edificio cumpra 30 anos desde a súa construción ou obra de rehabilitación que, por afectar profundamente ó conxunto do edificio, teña un carácter equivalente, ou dentro do prazo específico de seis meses, se o propietario do edificio fose requirido para iso de forma expresa e motivada, pola propia administración competente.

O informe deberá renovarse periodicamente, dentro do ano seguinte a aquel en que teñan transcorrido 10 anos dende o vencemento do prazo no que debeu presentarse o anterior e entregarse no Rexistro de Inspección Técnica da Edificación da concellería, xunto coa ficha técnica debidamente actualizada, conforme ós modelos establecidos nos anexos da ordenanza.

Para os efectos desta ordenanza, entenderase como idade da edificación o tempo transcorrido dende a data de terminación total da súa construción. Non obstante, no caso de que se executasen, de acordo coa licenza e autorizacións sectoriais esixidas, obras de reforma xeral que afecten á edificación completa, o prazo de presentación do informe así como o das sucesivas renovacións, comezará a contar a partir da data de emisión do preceptivo certificado de finalización de obra.

A idade da edificación acreditarase mediante os seguintes documentos, relacionados por orde de preferencia: (1) certificado final de obras expedido por facultativo/s competente/s;



(2) licenza de primeira ocupación; (3) comunicación ó concello do remate das obras; (4) licenza de obras. En ausencia deles, tomarase como data de terminación a que resulte de calquera comprobación municipal desa situación e, no seu defecto, determinarase por calquera medio de proba admisible en dereito e, en particular, por estimación técnica en función da súa tipoloxía e características construtivas.

Sen prexuízo do anterior, a Administración municipal colaborará cos interesados facilitándolles os datos e antecedentes dos edificios que obren nos seus arquivos e rexistros.

Para facilitar o cumprimento deste deber, a Administración municipal elaborará un padrón dos edificios suxeitos a inspección. Este padrón exporase ó público durante un prazo de trinta días dentro do ano anterior ó comezo do prazo establecido nos parágrafos anteriores e anunciarase mediante a publicación de edictos no Boletín Oficial da Provincia e en dous xornais dos de maior difusión dentro do municipio.

A exposición ó público do padrón de edificios suxeitos á inspección técnica, mediante os anuncios así realizados, ten a consideración de notificación para os interesados, obrigándolles a realiza-la correspondente inspección dentro dos prazos sinalados. Nos propios anuncios farase a advertencia ós interesados do prazo correspondente para cumprir a obrigación de inspección técnica.

Artigo 25.- Rexistro de ITE e libro do edificio

Para os efectos previstos nesta ordenanza, constituirase na concellería un rexistro informático centralizado dos edificios suxeitos a inspección técnica, denominado "Rexistro de Inspección Técnica da Edificación" no que quedará constancia da data de presentación e o contido de cada un dos informes e as fichas técnicas da edificación que se presenten.

A función deste rexistro será o control do cumprimento das obrigas establecidas nesta ordenanza.

Os datos que consten nel serán públicos para os únicos efectos informativos e estatísticos, verificándose o acceso a este de acordo co previsto na Lei 30/92, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e de procedemento administrativo común, e na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, no que resulte de aplicación.

As copias acreditativas da presentación do primeiro e sucesivos informes e as súas correspondentes fichas técnicas xuntaranse ó libro do edificio ou, no seu defecto, á documentación técnica deste, e deberán ser conservadas polos propietarios ou polas persoas legalmente responsables nos edificios suxeitos ó réxime de propiedade horizontal e transmitidas ós seus novos titulares en caso de alleamento por calquera título, de conformidade co previsto na LOE (art. 16) e as disposicións posteriores de desenvolvemento dela.

Artigo 26. Consecuencias do incumprimento da presentación en prazo do informe

Se a concellería descubrixe que non se efectuaron e presentaron en prazo as inspeccións periódicas da edificación previstas nesta ordenanza, ordenará a súa realización, outorgando para o efecto un prazo de 3 meses.

Unha vez transcorrido este prazo sen que se cumprise o ordenado e sen prexuízo de aplicación do réxime sancionador previsto na LOUGA e no RDU, a concellería poderá realizar a ITE de oficio e á conta dos obrigados. Para estes efectos, notificaráselle a identidade do técnico colexiado designado e o custo estimado da súa intervención. Os honorarios para percibir polos traballos da ITE serán exaccionados pola concellería ós propietarios, podendo percorrer, de se-lo caso, á vía de constrinximento.

Coa finalidade de levar a cabo a execución subsidiaria prevista no parágrafo anterior, a concellería poderá formalizar convenios de colaboración cos colexios profesionais a fin de que os colexiados que reúnan os requisitos de capacitación e idoneidade técnica necesarios poidan realiza-la inspección regulada na ordenanza. A designación do colexiado efectuaráa o respectivo colexio segundo a súa normativa interna.

Non poderán concederse axudas municipais á rehabilitación total ou parcial das edificacións sen cumprir en prazo coa obriga de presenta-lo informe de inspección técnica da edificación.

Artigo 27. Consecuencias do informe desfavorable

Se o resultado da inspección técnica fose desfavorable, a propiedade deberá solicitar e obter licenza municipal e, de se-lo caso, as oportunas autorizacións sectoriais para proceder á execución das obras indicadas no informe nos prazos que nel se determinen, o que acreditará co correspondente certificado de finalización das obras emitido polo técnico director.

Cando as obras para realizar non teñan o carácter de urxentes, o prazo para presenta-la correspondente solicitude de licenza de obras na concellería será de 1 mes para obras menores e 3 meses para obras maiores.

Se, pola contra, do informe resultase a necesidade de acometer medidas inmediatas de seguridade por perigo inminente, deberanse realizar no prazo previsto nel.

A emenda das deficiencias observadas farase constar, en todo caso, no Rexistro de Inspección Técnica da Edificación.

Artigo 28. Ordes de execución por non realiza-las obras previstas no informe.

De se incumpri-lo disposto nos apartados 1, 2 e 3 do artigo anterior e con base no informe da ITE, os servizos técnicos e xurídicos da concellería emitirán informe no que propoñan ó órgano competente o inicio do procedemento para ditar unha orde de execución ou incoar de oficio o expediente de declaración de ruína do inmovible, de resultar procedente a adopción desta medida.

As ordes de execución que se diten de resultados do informe da ITE e dos informes técnicos e xurídicos municipais deberán conte-la determinación das obras que fosen precisas para restablece-las condicións básicas de seguridade, estabilidade, estancidade e consolidación estruturais, así como as de habitabilidade, en función do destino propio da edificación, e fixa-los prazos de comezo e execución para o cumprimento voluntario do ordenado polo propietario, prazos que estarán en función da importancia, volume e complexidade das obras por realizar.

Igualmente, determinarase se a entidade das obras esixe a redacción de proxecto técnico e de estudo de seguridade e saúde e a dirección de execución.

Artigo 29. Réxime sancionador

O incumprimento do propietario da súa obriga de presentación do primeiro e sucesivos informes no tempo e a forma establecidos nesta ordenanza, así como das ordes de execución das obras resultantes da inspección técnica, constitúe, de acordo coa LOUGA, infracción urbanística leve, que será sancionada nos termos da mesma LOUGA.

No tocante ós órganos competentes para a imposición das sancións e ós prazos de prescrición de infraccións e sancións atearanse expresamente ó disposto sobre o particular na LOUGA.

Título III- Da ruína

Artigo 30. Dos edificios ruinosos e os seus supostos

Cando algunha construción ou parte dela estivera en estado ruinoso, o concello, de oficio ou a instancia de calquera interesado, declarará esta situación e acordará a total ou parcial



demolición, previa audiencia do propietario e dos moradores, salvo inminente perigo que o impedisese.

Declararase o estado ruinoso nos seguintes supostos:

a) Cando o custo das obras necesarias exceda da metade do custo de reposición da edificación ou de nova construción con características similares, excluído o valor do chan.

b) Cando o edificio presente un esgotamento xeneralizado dos seus elementos estruturais ou fundamentais.

c) Cando se requira a realización de obras que non puidesen ser autorizadas por atoparse o edificio en situación de fóra de ordenación.

Se existira urxencia e perigo na demora, por motivos de seguridade, o alcalde, baixo a súa responsabilidade, aínda que á conta dos obrigados pola declaración de ruína, disporá o necesario respecto da habitabilidade do inmovible e desaloxo dos seus ocupantes, garantindo os dereitos destes.

Artigo 31. Deficiencias técnicas

Para os efectos de avalía-lo custo das obras de reparación necesarias nunha declaración de ruína, as carencias referentes ás dimensións dos patios, ventilación de habitacións e, en xeral, á carencia de instalacións esixibles pola lexislación específica vixente, non serán tidas en conta por facer referencia á habitabilidade do inmovible e non afectar ó seu estado ruinoso.

No caso de existiren varias edificacións nunha unidade predial, a situación de ruína poderá afectar a todas ou a algunha delas, a condición de que exista independencia estrutural entre elas.

Artigo 32. Extinción do deber de conservación.

Sen prexuízo das obras ou medidas de seguridade en tanto sexan necesarias, constituirá o límite ó deber de conservación a declaración do edificio en estado de ruína, salvo que o concello opte por altera-lo devandito estado ruinoso, nos termos e condicións desta ordenanza e a normativa aplicable.

Artigo 33. Demolición de edificios ruinosos

A propiedade dun edificio declarado en ruína conforme ó previsto nesta ordenanza, antes de iniciar, de se-lo caso, as obras de demolición, deberá obter a oportuna licenza municipal ou declaración equivalente nos termos que sinala a ordenanza específica.

Artigo 34. Da alteración da ruína

Antes de declara-la ruína dunha edificación, tanto se o expediente se iniciou no procedemento dunha orde de execución como en calquera outro caso, o concello poderá adoptar a resolución de altera-lo estado físico do inmovible, iniciando, nun prazo de seis meses, as necesarias obras de conservación ata elimina-lo estado de ruína e tódolos posibles efectos derivados deste.

En todo caso, cando o concello opte por altera-lo estado físico do inmovible, o propietario deberá sufraga-lo importe das obras correspondente á metade do valor das edificacións, excluído o chan, salvo que, como consecuencia do incumprimento dunha ou varias ordes de execución, da omisión dunha ou varias inspección periódicas, cando sexan preceptivas, ou da non execución das medidas correctoras propostas como resultado destas, tivese lugar a ampliación do deber de conservación que lle incumbe.

Ruína económica

Artigo 35. Obras de reparación

Enténdese por obras de reparación exclusivamente aquelas que repón o edificio nas condicións preexistente de seguridade e salubridade.

Artigo 36. Ruína técnica

Considerase que un edificio presenta un esgotamento xeneralizado dos seus elementos estruturais ou fundamentais cando aqueles non admiten consolidación ou reforzo, e sexa necesario substituí-los devanditos elementos nunha extensión superior a un terzo da totalidade deles repartidos por todo o edificio.

Son elementos estruturais os que teñen unha misión portante e resistente recoñecida como tal no cálculo estrutural.

En todo caso entenderanse elementos estruturais ou fundamentais:

Cimentación de muros.

Cimentación de pé dereito ou soporte.

Muros de carga e outros con función estrutural soportes ou pés dereitos.

Carreiras ou vigas.

Forxados de piso.

Escaleira.

Cuberta.

Cerramentos exteriores.

Artigo 37. Ruína urbanística

A situación de fóra de ordenación dun edificio non implica automaticamente a declaración de ruína deste; para iso o edificio, ademais, debe estar afectado por danos cuxa reparación requira a execución de obras non autorizables. Son obras non autorizables, por atoparse a construción en situación de fóra de ordenación, aquelas que non estiveren permitidas polas normas urbanísticas do Plan xeral de ordenación urbana de Ourense.

Artigo 38. Ruína de edificios catalogados

Tratándose de expedientes de ruína de edificios declarados bens de interese cultural, catalogados ou simplemente inventariados ateranse ó disposto na Lei de patrimonio cultural de Galicia, así como ó disposto na Lei 16/1985, do 25 de xuño, do patrimonio histórico español.

Procedemento do expediente contradictorio de ruína

Artigo 39. Órgano competente

Sen prexuízo do disposto na sección segunda deste capítulo para a ruína inminente, correspóndelle ó alcalde, ou órgano en quen delegue, a declaración do estado ruinoso das edificacións que se efectuará de conformidade co disposto nesta ordenanza e na lexislación urbanística aplicable.

Artigo 40. Iniciación do procedemento

O procedemento para a declaración de ruína iniciarase de oficio, por acordo do órgano competente do concello, ben por propia iniciativa, petición razoada doutros órganos ou denuncia a instancia de calquera interesado, previo informe emitido polos servizos técnicos.

Cando o procedemento se inicie a instancia do interesado acompañaránse os seguintes documentos:

a) Datos de identificación do inmovible, incluíndo certificación catastral e plano de situación sobre cartografía oficial do vixente PXOM.

b) Certificación do rexistro da propiedade da titularidade e cargas do mesmo.

c) Relación de moradores e titulares de dereitos reais sobre o inmovible, se os houbera.

d) Informe expedido por facultativo competente de acordo coa normativa vixente, no que se xustificuen as causas nas que se funda a solicitude de ruína, con expresa mención á situación urbanística do inmovible e, de se-lo caso, o seu nivel de protección; planos de planta ou diferentes niveis do predio, debidamente acoutados; ano de construción do edificio, así como se éste reúne as debidas condicións de seguridade para os seus ocupantes e terceiros.



e) Memoria con descrición e sinalización das medidas de seguridade que, en razón dos danos descritos, adoptáronse no edificio ou, de se-lo caso, as razóns da súa non adopción.

f) Copia do impreso da taxa que, de se-lo caso, estableza a ordenanza fiscal reguladora.

g) Reportaxe fotográfica do inmoble, explicativo do informe evacuado.

Artigo 41. Instrución do procedemento

Logo de inicia-lo expediente, os servizos técnicos, previa visita de inspección, emitirán un informe no que se determinará se o estado do edificio permite tramita-lo expediente en forma contradictoria, ou procede a declaración de ruína inminente total ou parcial, e de se-lo caso o desaloxo. O devandito informe fará constar igualmente se a construción está afectada por expediente de declaración como ben de interese cultural ou se sobre esta opera calquera outro réxime de catalogación.

En calquera caso o órgano correspondente ordenará a adopción das medidas de seguridade que se consideren oportunas en orde a garanti-la seguridade das persoas e das cousas.

A inspección poderá repetirse cantas veces se estime oportuno durante a tramitación do expediente ou ata que conste a total reparación ou demolición do inmoble.

Artigo 42. Medidas de seguridade

O propietario deberá adoptar, baixo dirección facultativa, as medidas de seguridade que ordene o concello para evitar calquera dano a persoas ou bens, así como o deterioro incontrolado do inmoble ata que conste a súa total reparación ou demolición.

Artigo 43. Alegacións

Evacuado o informe sinalado e ordenadas, de se-lo caso, as medidas de seguridade, procederase a comproba-la relación de ocupantes. Así mesmo, darase audiencia ós propietarios se non fosen os promotores do expediente, ós moradores e ós titulares de calquera dereitos reais inscritos no Rexistro da Propiedade, para que, nun prazo de quince días prorrogables pola metade do concedido, efectúen as alegacións e presenten os documentos e xustificacións que estimen pertinentes.

Así mesmo, porase en coñecemento dos interesados o seu dereito a presentar informe contradictorio do facultativo competente que designen sobre do estado do predio, con advertencia de que, transcorridos os prazos concedidos, continuará a tramitación do expediente ata a súa definitiva resolución.

Nos expedientes de ruína sobre inmobles afectados por un expediente de declaración como ben de interese cultural, darase traslado á Administración competente da iniciación do expediente, así como das obras ordenadas polo concello e/ou medidas de seguridade adoptadas polos propietarios.

Artigo 44. Ditame

Unha vez transcorrido o prazo concedido, e formuladas, de se-lo caso alegacións, os servizos técnicos, no prazo máximo de dous meses, previa inspección do inmoble, emitirán ditame pericial que constará das seguintes partes:

- a) Descrición do edificio.
- b) Descrición do sistema construtivo e estrutural con relación cuantitativa dos seus elementos estruturais.
- c) Descrición dos danos que presenta o edificio e as súas posibles causas.
- d) Valoración do edificio.
- e) Relación e valoración das obras de reparación e, de se-lo caso, rehabilitación conexas, que precise o edificio.
- f) Referencia ás circunstancias urbanísticas do edificio e o seu nivel de protección.
- g) Conclusión e proposta.

A propiedade do inmoble e os seus ocupantes deberán facilitar-lles ós servizos municipais o acceso a el e, en xeral, adoptar-las medidas necesarias para permitir a aqueles a emisión do ditame referido no número precedente.

No caso de que o expediente se tramite a instancia de parte, os prazos para a emisión de ditame polos servizos municipais e para a resolución do expediente quedarán suspendidos polo tempo que medie entre o requirimento efectuado para que se facilite o acceso ó inmoble e o efectivo recoñecemento deste polos técnicos municipais.

Artigo 45. Trámite de audiencia

Emitido o ditame pericial darase o trámite de audiencia ós interesados no expediente, nos termos e prazos expresados na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e de procedemento administrativo común.

Artigo 46. Resolución

A resolución do procedemento terá que conter algún dos pronunciamientos seguintes:

Declara-la edificación en estado de ruína e ordena-la súa demolición.

Se existira perigo na demora, o concello acordará o procedente respecto ó desaloxo dos ocupantes.

Se o edificio goza dalgún grao de protección, declararase a ruína do inmoble e ordenarase o que proceda nos termos establecidos nas normas do Plan xeral de ordenación urbana que regulen os edificios catalogados e con observancia, en todo caso, do establecido pola Lei 16/1985, do 25 de xuño, para os bens integrantes do patrimonio histórico español, e do regulado pola Lei do patrimonio cultural da Comunidade Autónoma de Galicia.

Declarar en estado de ruína parte do inmoble cando esa parte teña independencia estrutural do resto, e ordenarán así mesmo a súa demolición.

Declarar que non hai situación de ruína, e ordena-las medidas pertinentes destinadas a mante-la seguridade do inmoble e determinando, en función do ditame pericial emitido polos servizos técnicos municipais, as obras de reparación e rehabilitación conexas que debe realiza-lo propietario nos termos do título primeiro desta ordenanza.

Se se acordase a demolición da edificación fixarase o prazo no que teñan que iniciarse as obras, previa petición de licenza. Se transcorrido tal prazo non se iniciou a demolición, procederase á súa execución forzosa, salvo que concorrera causa legal xustificativa do incumprimento, nese caso o prazo de execución anterior comezará a contarse dende a súa desaparición, debendo en todo caso manterse as medidas de seguridade necesarias en orde a garanti-la seguridade das persoas e das cousas.

Cando se acordara a execución de obras, fixaranse os prazos de iniciación e execución, advertíndose expresamente no acordo que en caso de incumprimento se aplicará o réxime de execución forzosa.

Se se acordara a demolición do inmoble e se ademais houbera perigo ou risco inminente na demora, a notificación dirixida ós ocupantes expresará o prazo para o desaloxo do inmoble, con apercibimento de desaloxo forzoso.

Artigo 47. Notificación

A resolución notificarase ó interesado ou interesados e ós propietarios no caso de que foran distintos daqueles, a tódolos que fosen parte no expediente e a tódolos ocupantes do inmoble, aínda que non se presentaran, cuxa existencia conste á Administración.



Artigo 48. Prazo para resolver e efectos do silencio

O prazo para resolver e notificar, nos casos en que o procedemento se iniciou de oficio, será de seis meses dende a data do acordo de iniciación. Unha vez vencido o devandito prazo sen que se ditara e notificara resolución expresa, producirase a caducidade do procedemento.

O prazo para resolver e notificar, nos casos en que o procedemento se iniciase a instancia de calquera interesado, será de seis meses desde a data en que a solicitude teña entrada no rexistro do órgano competente para a súa tramitación. Vencido o devandito prazo sen que se ditase e notificase resolución expresa, o interesado poderá entender desestimada a súa solicitude.

Artigo 49. Compatibilidade co réxime sancionador.

A declaración administrativa de ruína ou a adopción de medidas de urxencia pola Administración non eximirá ós propietarios das responsabilidades de toda orde que lles puidesen ser esixidas por negligencia nos deberes de conservación que lles corresponden.

Artigo 50. Das medidas urxentes

Se o ditame técnico expresase a posibilidade de continuar ocupando o inmovible, previa a adopción, se procedera, de medidas de apeo ou apontoamento, proseguirase o expediente polos trámites normais.

Non obstante, realizaranse as visitas de inspección que sexan necesarias e, polo menos, as que se indicaron no informe técnico, por se variasen as circunstancias apreciadas ó emitilo, ou aparecesen outras novas que aconsellasen unha decisión distinta.

Unha vez finalizado o expediente, manterase a vixilancia nos mesmos termos que durante a súa tramitación, ata o total desaloxo do inmovible.

Réxime da ruína inminente

Artigo 51. Concepto.

Unha construción atópase en situación de ruína inminente cando concorran nela as seguintes circunstancias:

1. A gravidade, evolución e extensión dos danos que lle afectan son de carácter irreversible.
2. A execución de medidas de seguridade para o mantemento da construción resulta inútil e arriscada.
3. A demora nos traballos de demolición implica un perigo real para persoas.

Artigo 52. Da ruína inminente

Se existira urxencia e perigo na demora, por motivos de seguridade, o alcalde ou o concelleiro que teña as competencias delegadas nesta materia, baixo a súa responsabilidade, aínda que á conta dos obrigados pola declaración de ruína, disporá o necesario respecto da habitabilidade do inmovible e desaloxo dos seus ocupantes, garantindo os dereitos destes.

Cando, por calquera causa, o alcalde ou o concelleiro que teña as competencias delegadas nesta materia estime, previo informe dos servizos técnicos, que a situación dun inmovible ou construción ofrece tal deterioración que é urxente a súa demolición e existe un perigo para as persoas ou bens na demora que supón a tramitación do procedemento ordinario, o alcalde acordará o desaloxo dos ocupantes e adoptará as medidas referidas á seguridade da construción.

Para ese efecto, o alcalde ou, de se-lo caso, o concelleiro que teña as competencias delegadas, disporá con carácter de urxencia unha visita de inspección polo técnico ou técnicos municipais que emitirán informe sobre as condicións de seguridade e habitabilidade do inmovible, propondo, de se-lo caso, a adopción de medidas excepcionais de protección, talles como apeos ou apontoamentos, que teñan que aplicarse con carácter inmediato, ata a propia demolición.

O alcalde ou, se é o caso, o concelleiro que teña as competencias delegadas adoptará a resolución que proceda en prazo de vinte e catro horas desde a recepción dos informes.

Artigo 53. Obxecto da ruína inminente

A declaración de ruína inminente poderá afectar á totalidade da construción ou á parte dela, e acorda-la súa demolición total ou parcial, servindo como título suficiente tal declaración para o inicio de obras e para proceder ó desaloxo do inmovible, de conformidade co artigo 21.3º da Lei orgánica 1/1992, de seguridade cidadá.

Artigo 54. Cumprimento da orde

A demolición da construción será asumida directamente polo concello á conta dos propietarios, agás que as circunstancias o permitan e a propiedade, mediante comparecencia para o efecto, asuma persoalmente as obras e se comprometa a inicialas nun prazo de corenta e oito horas contadas da declaración en estado de ruína inminente, comunicando en idéntico prazo o técnico director das obras, para o que deberá achegar oficio debidamente visado do colexio profesional correspondente.

